

GALEGO

UNHA TOUPA NUN MAR DE HERBA

Ás veces, a néboa non lle deixaba ver máis aló do seu nariz. E o Sol, prisioneiro das nubes, case non saía... Pero daba tanto gusto sentir as cóxegas da herba! E beber o orballo das flores!

Unha semana despois, a toupa Mauricia decidiu que xa era hora de volver. Uliscando máis que mirando, buscaba o camiño cara á súa casa, porque ben sabedes que as toupas son moi curtas de vista.

Cando xa estaba a piques de chegar, detívose abraiada. Non sentía o recendo a tomiño, nin a romeu nin a fiúncho.

Seguiu avanzando ata o derradeiro outeiro e... De súpeto, quedou tesa. Refregou os ollos e volveu mirar. Daquela, un enorme sorriso iluminou o seu rostro. Diante dela estendíase un interminable mar verde. Ata había pouco tempo aquel lugar era seco e poeirento, e agora... Convertérase nun fermoso campo de golf! Brincando de alegría achegouse e botouse a correr por aquel enorme prado.

Por fin, a toupa Mauricia decidiu volver á súa casa. E que sorpresa! No seu tobo chantaran un pau cunha bandeiriña. Rañou a cabeza, moveu o fociño e, sen acabar de entendelo, entrou no seu fogar.

A toupa Mauricia estaba tan cansa despois da viaxe que, nada máis meterse na cama, quedou durmida.

Un pouquiño despois, unha cousiña redonda caeulle na cabeza. Mauricia espertou sobresaltada e refregou a fronte. No chan había unha pelota de golf. Xusto nese momento tivo que botarse da cama porque outra pelota rebotaba no seu colchón.

A toupa Mauricia, indignadísima, sacou a cabeza polo furado e púxose a berrarlle ao tunante que lanzaba pelotas de golf dentro da súa casa.



Joan de Déu Prats – Gloria García,

1. Cando me fan cóxegas non paro de

2. Marca as palabras que signifiquen o mesmo que abraiar.

pasmar

asombrar

queimar

3. Emparella.

Bañarse no orballo das flores.



Gustáballe

Sentir as cóxegas da herba.



Non lle gustaba

4. Marca a resposta correcta.

Mauricia decidiu volver a casa...

Un mes despois

Un día despois

Unha semana despois

Buscaba o camiño a súa casa...

Uliscando

Mirando a paisaxe

Que lle molestaba a Mauricio?

O campo de golf

As pelotas que lanzaban

5. Ordena.

Mauricia fora
visitar un lu-
gar húmido.

Cando che-
gou atopouse
cun campo
de golf.

Mauricia rifou
porque lan-
zaban pelotas
á súa casa.

Unha semana
despois vol-
veu para a
súa casa.

Cando dur-
mía caéulle
unha pelota
na cabeza.

1º	2º	3º	4º	5º